


# Estación meteorolóxica de As Eiras

*Carolina Martín*

- Concello: O Rosal
- Provincia: Pontevedra
- Latitude: 43.491467 N
- Lonxitude: -8.252274 L
- Altitude: 37 m.



# Recollida de datos meteorolóxicos

	29/10/2021	4/11/2021	9/11/2021	16/11/2021
Temperatura máxima	15.72 °C	7.76 °C	18.33 °C	14.68 °C
Temperatura mínima	12.26 °C	4.77 °C	7.88 °C	5.13 °C
Chuvia acumulada	0.0 L/m2	0.0 L/m2	0.0 L/m2	0.0 L/m2
Refacho máximo	22.3 km/h	11.3 km/h	22.0 km/h	24.2 km/h



# Predicción meteorolóxica

- **29/10/2021:** Ceos con nubes e claros en xeral durante os vindeiros días, aínda que ocasionalmente tornarán moi anubrados. Agárdanse precipitacións tódolos días. As temperaturas serán normais para esta época do ano, con valores que globalmente se atoparán en descenso moderado. Vento forte do Sudoeste o venres pola noite.

No referido á calidade do aire, manterase a un nivel favorable en xeral.

- **4/11/2021:** Agárdase a curto prazo unha alternancia de ceos con nubes e claros con momentos pouco anubrados ou despexados. En canto ás temperaturas, serán normais para este período, con mínimas que se manterán sen cambios e máximas que ascenderán lixeiramente.

No referido á calidade do aire, manterase a un nivel favorable en xeral.

- **9/11/2021:** Ceos pouco anubrados ou despexados en xeral durante os vindeiros días. As temperaturas serán normais para esta época do ano, con mínimas sen cambios e máximas en descenso lixeiro.


No referido ó estado da calidade do aire, manterase bo en xeral.

- **16/11/2021:** Prevense ceos pouco anubrados ou despexados nas próximas datas. En canto ás temperaturas, serán normais para este período, con valores que en xeral ascenderán lixeiramente a pesar de que oscilarán.

No referido á calidade do aire, manterase a un nivel favorable en xeral.




# Temperatura



- Nos catro días consultados en outubro e novembro a temperatura máxima foi de 18.33°C e a mínima de 4.77°C. No gráfico de arriba pode observarse que en novembro do ano pasado é lixeiramente superior ca do 2021. É os factores que puideron influír son a altitude, porque canto máis arriba máis frío e a distancia ao mar , porque o mar suaviza as temperaturas.




# Presión



- Nos catro días de outubro e novembro houbo unha presión maior o día 9 de novembro con 1014.08 hPa, ~~o~~ o día con maior presión foi o 16 de novembro con 1016.56 hPa. No gráfico de arriba podemos observar que en novembro do 2020 é lixeiramente inferior ca no 2021. En canto aos factores que poden influír na presión está a altitude, porque canto máis alto esteamos menos presión haberá, e tendo en conta que estación meteorolóxica está a 47 metros a presión baixará; e a temperatura do aire tamén inflúe, porque o aire cálido pesa menos e tendo en conta que esta estación está a pouca altitude, o aire será máis frío entón pesará menos.




# Chuvia acumulada



- Nos catro días consultados en outubro e novembro non houbo ningunha precipitación. No gráfico de arriba vemos que as precipitacións no 2020 foron máis abundantes ca no 2021. Nas precipitacións poden influír a altitude, vendo que esta estación meteorolóxica está a ~~447~~ m de alto , pero tamén pode influír a distancia ao mar.



# Dirección do vento



- Nos catro días observados en outubro e novembro o máximo refacho máximo foi de 24.2 km/h e o mínimo de 11.3 km/h. No gráfico de arriba podemos observar que no 2020 houbo máis vento ca no 2021.



# Conclusión

## Problema a resolver:

- Porque as borrascas e os anticiclóns están asociados co tempo?

Porque son unha serie de cambios do tempo que ocorren diariamente, e dicir, todos os días hai unha situación distinta con respecto ao tempo.





*David Fontao*

# Estación meteorolóxica de Monte Aloia


Concello: Tui

Provincia: Pontevedra

Latitude: 42.0786 N

Lonxitude: 8.679444 O

Altitude: 484 m



# Recollida de datos meteorolóxicos

	29/10/2021	2/11/2021	9/11/2021	16/11/2021
Temperatura máxima	16.77 °C	15.87 °C	16.64 °C	12.75 °C
Temperatura mínima	10.8 °C	9.62 °C	9.62 °C	6.29 °C
Chuvia acumulada	45.5 L/m2	0.0 L/m2	0.0 L/m2	0.0 L/m2
Refacho máximo	19.42 m/s	7.43 m/s	26.7 Km/h	6.61 Km/h

# Predición meteorolóxica

3.1

**04/11/2021:** Agárdase para os vindeiros días unha alternancia de períodos de ceos con nubes e claros con outros pouco anubrados ou despexados. As temperaturas serán normais para esta época do ano, con mínimas sen cambios e máximas en ascenso moderado.

No referido á calidade do aire, manterase a un nivel favorable en xeral.

**8/11/2021:** Ceos con nubes e claros ó comezo do período, aínda que cara a metade e ó final do mesmo predominarán pouco anubrados ou despexados. En canto ás temperaturas, serán normais para este período, con mínimas que se manterán sen cambios e máximas que descenderán lixeiramente.

No referido á calidade do aire, manterase a un nivel favorable en xeral.


**16/11/ 2021:** Ceos pouco anubrados ou despexados en xeral durante os vindeiros días. As temperaturas serán normais para esta época do ano, con mínimas sen cambios e máximas en ascenso lixeiro.

No referido á calidade do aire, manterase a un nivel favorable en xeral.

**23/11/2021:** Agárdase para os vindeiros días unha alternancia de períodos de ceos con nubes e claros con outros pouco anubrados ou despexados. Agárdanse precipitacións o mércores pola noite. As temperaturas serán normais para as mínimas e baixas para as máximas respecto ó habitual nesta época do ano, con mínimas en descenso lixeiro e máximas en descenso moderado.


No referido á calidade do aire, manterase a un nivel favorable en xeral.

# Temperatura




Como podemos ver nos datos que recollimos nos meses de outubro e novembro, as temperaturas máximas foron, aproximando, de 17 C<sup>o</sup> e as mínimas de 6 C<sup>o</sup> as cales son normais nesta época do ano. Neste gráfico, podemos observar como nos anos anteriores, as temperaturas foron bastante semellantes as de este ano durante estes meses. Respecto aos factores que poden influír coas temperaturas, tendo en conta que a nosa estación meteorolóxica está a 484 m podemos saber que as temperaturas acostuman ser frías e como estamos na zona temperada nos son nin moi quentes ni moi frías.

# Precipitacións




- Baseándonos na táboa de datos na 2º diapositiva, podemos saber que a maior cantidade de auga acumulada foi de 45.5 L/m2 e a mínima 0.0 L/m2. Con estes mesmos datos tamén sabemos que no mes de outubro choveu moito máis que no de novembro. E fixándonos nos comentarios podemos observar que este último mes como ben xa dixemos tivemos un tempo despexado. Respecto aos últimos anos o mes de outubro non cambiou moito pero no de novembro si foron diminuindo moito. Ademais, como nos encontramos preto do mar, o vento ven acompañado de vapor de auga que ao condensarse convértese en chuvia.

# Vento



- Segundo os datos que recollimos ata agora, o refacho máximo de vento foi de **26.7 Km/h** e o mínimo de 6.6 Km/h, pero observando os comentarios non podemos obter moita información. Fixándonos no gráfico superior, o comportamento do refacho máximo foi diminuindo respecto ao que tivo o ano anterior nos meses de outubro e novembro.

# Presión atmosférica



Se nos fixamos na progresión do refacho máximo do vento, podemos ver que a presión atmosférica é inestable por esta zona xa que o refacho máximo varía moito entre semanas. E como durante o mes de novembro non houbo nada de choiva, podemos deducir que tivemos un anticiclón. Segundo este gráfico sabemos que a presión atmosférica non é moi respecto ao ano anterior nestes meses de outubro e novembro. Para rematar, como a estación de Monte Aloia encóntrase a gran altitude temos certeza de que a presión atmosférica non é moi alta.

# Conclusión

Tras toda a nosa recollida de datos, podemos chegar á conclusión de que as borrascas e os anticiclóns asóciáanse ao tempo por diversas razóns. Unha delas, pode ser que é precisamente grazas a elas que se produce o vento, que é o movemento das masas de aire, e ademais, dependendo de onde veña ese vento, pode ser seco, ou traer consigo vapor de auga que logo se condensa e convértese en precipitacións.

Para saber se estamos baixo a influencia dunha borrasca ou dun anticiclón podemos observar:

- As precipitacións, xa que as borrascas traen tempo inestable e chuvioso e os anticiclóns tempo estable e solleiro.
- O vento, posto que o vento prodúcese pola diferenza de presión atmosférica de dúas zonas.
- E a presión atmosférica, porque as borrascas son zonas de baixa presión (menor a 1013 hPA) e os anticiclóns zonas de alta presión (maior a 1013 hPA).



# Índice de comentarios


---

- 3.1 Comentarios que se podían emplear na análise dos datos.
- 6.1 Os valores máis altos son os expresados en m/s. Por exemplo, 19 m/s equivale a 68 km/h.
- 7.1 Nesta oración falta por incluír algo.

# Estación Meteorolóxica Castro Vicaludo

*Leo Dasilva*

- **Concello: Oia**
- **Provincia: Pontevedra**
- **Latitude: 41.99 N**
- **Lonxitude: 8.86 O**
- **Altitude: 480m**




# Recollida de datos meteorolóxicos

	29/10/2021	4/11/2021	9/11/2021	16/11/2021
Temperatura Máxima	13.75 °C	10.51 °C	18.38 °C	12.65 °C
Temperatura Mínima	11.0 °C	6.17 °C	10.07 °C	6.95 °C
Chuvia Acumulada	21.2 L/m2	0.0 L/m2	0.0 L/m2	0.0 L/m2
Refacho <b>Maximo</b>	42.9 km/h	37.2 km/h	44.7 km/h	39.4 km/h

# Comentario


- **29/10/2021:** Prevense ceos con nubes e claros nas próximas datas, ocasionalmente moi anubrados. Haberá precipitacións tódolos días. En canto ás temperaturas, serán normais para este período, con mínimas que descenderán lixeiramente e máximas que descenderán moderadamente. Vento forte do Sudoeste o venres pola noite. No referido á calidade do aire, manterase a un nivel favorable en xeral.
- **4/11/2021:** Agárdase a curto prazo unha alternancia de ceos con nubes e claros con momentos pouco anubrados ou despexados. En canto ás temperaturas, serán normais para este período, con mínimas que se manterán sen cambios e máximas que ascenderán moderadamente. No referido á calidade do aire, manterase a un nivel favorable en xeral.
- **9/11/2021:** Ceos pouco anubrados ou despexados en xeral durante os vindeiros días. As temperaturas serán normais para esta época do ano, con valores que globalmente se atoparán sen cambios. En canto ó estado da calidade do aire, manterase bo en termos xerais.
- **16/11/2021:** Prevense ceos pouco anubrados ou despexados nas próximas datas. En canto ás temperaturas, serán normais para este período, con mínimas que se manterán sen cambios e máximas que ascenderán moderadamente. No referido á calidade do aire, manterase a un nivel favorable en xeral.

# Temperatura



Segundo os datos recollidos na nosa estación meteorolóxica, as temperaturas máxima foi de 18º o 9 de Novembro e as mínima foi de 6º o 4,16 de Novembro. As temperaturas son normais para esta época do ano, e respecto ao ano pasado son moi semellantes.

# Precipitações



Segundo os dados recolhidos a maior Chuvia Acumulada foi de 21 L/m<sup>2</sup> o 29 de Outubro e mínima foi de 00 L/m<sup>2</sup> o 4,9 e 16 de Novembro, e respecto ao ano pasado no 2020 acumulouse menos chuvia que neste ano.








# Por que as borrascas e os anticiclóns están relacionados co tempo?


- Por que as borrascas e os anticiclóns manipulan elementos do tempo como o vento, presión atmosférica, precipitacións e temperaturas.



Lucía Rodríguez

# ESTACIÓN METEOROLÓGICA DE CAMARIÑAS

- Concello: **Camariñas**
- Provincia: **A Coruña**
- Latitude: **43 WGS84**
- Lonxitude: **-9 WGS84**
- Altitude: **5 m.**




# RECOLECCIÓN DE DATOS METEOROLÓGICOS

	Día 1 (29/10/2021)	Día 2 (9/11/2021)	Día 3 (16/11/2021)	Día (23/11/2021)
Temperatura máxima a 1.5m	17.48 °C	16.03 °C	15.35 °C	12.27°C
Temperatura mínima a 1.5m	13.89 °C	13.21°C	10.03°C	11.29°C
Chuvia acumulada	0.0 L/m2	0.0 L/m2	1.4 L/m2	0.0 L/m2
Refacho máximo a 10m	42.7 km/h	13.42 km/h	40.07 km/h	78.5 km/h


# PREDICCIÓN METEOROLÓXICA

- **29/10/2021:** Prevensce ceos con nubes e claros nas próximas datas. Non haberá precipitacións nestas datas. En canto ás temperaturas, serán normais para este período, con mínimas que se manterán sen cambios aínda que oscilarán e máximas que descenderán lixeiramente. No referido á calidade do aire, manterase a un nivel favorable en xeral.
- **9/11/2021:** Ceos poucos anubrados ou despexados en xeral durante os vindeiros días, aínda que ocasionalmente tomarán con nubes e claros. As temperaturas serán normais para esta época do ano, con mínimas en descenso moderado e máximas sen cambios. No referido ó estado da calidade do aire, manterase bo en xeral.
- **16/11/2021:** Teremos ceos pouco anubrados ou despexados con momentos moi anubrados ou con nubes e claros. Haberá precipitacións pola mañá, pero case nada. En canto ás temperaturas, serán normais para este período, con valores que en xeral se manterán sen cambios a pesar de que oscilarán. No referido á calidade do aire, manterase a un nivel favorable en xeral.
- **23/11/2021:** Prevensce ceos con nubes e claros nas próximas datas. Non haberá precipitacións. En canto ás temperaturas, serán normais para as mínimas e baixas para as máximas respecto ó agardado para este período, con valores que en xeral se manterán sen cambios. No referido á calidade do aire, manterase a un nivel favorable en xeral.




# TEMPERATURA

Segundo os datos recollidos nesta estación atmosférica, a temperatura máxima foi de 16.03 °C e a mínima foi de 10.03 °C . En xeral as temperaturas son normais para esta época do ano. Ao longo dos anos, non houbo moito cambio, xa que a barra de temperatura media non pasa dos 14/15 °C en xeral. Por último, os factores que poden influír neste son, **A altitude:** porque dependendo da altura na que nos atopemos, as temperaturas suben ou diminúen. **A distancia ao mar:** xa que o mar suaviza as temperaturas.




# PRECIPITACIÓN

A verdade apenas choveu nestes días xa que en tódolos días salvo un, non choveu nada. O máximo que choveu, neste caso, foron 1.4 L/m<sup>2</sup> e a mínima 0.0 L/m<sup>2</sup>. Na predicción destes días pódese comprobar que non chove menos un día, que choveu un pouquiño. A **Verdade**, tal como se representa na táboa da dereita, a chuvia sufriu varios desniveis ao longo destes anos. A parte de isto, tamén pode influír a altitude e a distancia ao mar.




# DIRECCIÓN DO VENTO



Segundo os datos recollidos na nosa estación meteorolóxica , o refacho máximo de vento foi de 78.5 km/h e mínimo foi de 13.42 km/h. Ao longo dos días mantívose un vento favorable en xeral.

Se nos fixamos no gráfico superior, podemos apreciar como o comportamento do refacho máximo de vento foi semellante nos meses de novembro do 2020 e 2021, tendo uns valores cercanos aos 100 km/h e manténdose máis ou menos igual. Por último, posto que o vento foi máis ou menos parecidos ao longo dos meses de novembro e outubro




# PRESIÓN ATMOSFÉRICA

Fixándose na progresión do refacho máximo de vento, podemos afirmar que a presión atmosférica foi máis ou menos igual excepto dous días, xa que a intensidade do vento foi similar. Posto que durante toda a primeira metade do mes de novembro apenas houbo precipitacións, iso implica que estivemos baixo a influencia de anticiclóns. No gráfico superior observase que a presión atmosférica é semellante ao longo dos anos. Por último, os factores que poden verse influídos son;

**A altitude:** porque canto máis alto nos atopemos

menos presión haberá, e canto máis abaixo, máis presión.


**A temperatura do aire:** porque dependendo de se o aire está frío ou quente, pesará máis ou menos.





# Por que as borrascas e os anticiclóns están asociados co tempo?


As borrascas e os anticiclóns están asociados ao tempo, porque dependendo de se temos un anticiclón ou unha borrasca, **varía o tempo**. **E** dicir, se temos unha **borrasca**, o tempo será húmido (con moitas chuvias), ventoso e temperaturas normalmente baixas, mentres que se temos **anticiclón**, o tempo será seco (sen chuvias), soleado, con pouca nubosidade e temperaturas normalmente altas. Por iso están asociados, porque dunha maneira ou doutra, o tempo **"depende"** e variará segundo haxa unha ou outro.



# Estación meteorolóxica de Campus de Lugo

*Rosana Pousa*

Concello: Lugo  
Provincia: Lugo  
Latitude: 42.99 N  
Lonxitude: -7.54 O  
Altitude: 400 m.



# Recollida de datos meteorolóxicos

	29/10/21	• 02/11/21	• 09/11/21	• 11/11/2021
Temperatura máxima	13.84 °C	13.69 °C	16.43 °C	14.51°C
Temperatura mínima	10.28 °C	9.73 °C	5.62 °C	3.07 °C
Chuvia acumulada	8.3 L/m2	2.6 L/m2	0.0 L/m2	0.0 L/m2
Refacho máximo	20.4 km/h	39.1km/h	19.9 km/h	22.8 km/h

# Predicción meteorolóxica

3.1

- 29/10/2021: Prevense ceos con nubes e claros nas próximas datas, ocasionalmente moi anubrados. Haberá precipitacións tódolos días. En canto ás temperaturas, serán normais para este período, con mínimas que descenderán moderadamente aínda que oscilarán e máximas que se manterán sen cambios.
- No referido á calidade do aire, manterase a un nivel favorable en xeral.
- 02/11/2021 Ceos con nubes e claros en xeral durante os vindeiros días. Agárdanse precipitacións o martes, o mércores e o xoves. As temperaturas serán normais para esta época do ano, con mínimas en descenso moderado e máximas en descenso lixeiro.
- No referido á calidade do aire, manterase a un nivel favorable en xeral.
- 09/11/21 Ceos pouco anubrados ou despexados en xeral durante os vindeiros días, aínda que ocasionalmente tornarán con nubes e claros. Haberá néboas matinais o martes, o mércores e o xoves. As temperaturas serán normais para esta época do ano, con mínimas en descenso moderado e máximas sen cambios.
- 16/11/2021 Teremos ceos pouco anubrados ou despexados con momentos con nubes e claros. Haberá néboas matinais o martes e o xoves. En canto ás temperaturas, serán normais para este período, con valores que en xeral se manterán sen cambios a pesar de que oscilarán.
- No referido á calidade do aire, manterase a un nivel favorable en xeral..

# Resumo dos datos


- A maior temperatura foi o 9 de novembro con 16.43 °C e a menor o 11 de novembro con 3.07 °C.
- O día que máis choveu foi o 29 de outubro, con 8.3 L/m<sup>2</sup> e os días que menos foron o 9 e o 11 con 0.0 L/m<sup>2</sup>.
- Por último os días que máis vento houbo foron o 2 e o 11 de novembro con 39.1 km/h e 22.8 km/h respectivamente.
- No referido **as** predicións a maior parte de días daban chuvia e temperaturas normais para esa época do ano e descendendo moderadamente, cunha boa calidade do aire e algunhas néboas.



# Temperatura


*T<sup>a</sup> mín. a 1.5m, T<sup>a</sup> media a 1.5m, T<sup>a</sup> máx. a 1.5m, T<sup>a</sup> med.mín. a 1.5m, T<sup>a</sup> med.máx. a 1.5m*

■ Temperatura mínima a 1.5m   ■ Temperatura media a 1.5m   ■ Temperatura máxima a 1.5m   ■ Temperatura media das mínimas a 1.5m  
■ Temperatura media das máximas a 1.5m




- A temperatura máxima foi o dia 9 de novembro con 16.43 °C mentres que a mínima foi o 11 de novembro con 3.07 °C. Segundo MeteoGalicia as temperaturas son normais en esta época do ano, se miras o gráfico nos anos anteriores as temperaturas son máis ou menos as mesmas, sempre comezan nun pico e van baixando cando chegan os meses de novembro e decembro, a estación non está nada cerca do mar polo tanto non suaviza as temperaturas, facendo que sexan algo frías.

# Precipitacións



- A verdade que choveu bastante pouco, o día que máis choveu foi o 29 de outubro con 8.3 L/m<sup>2</sup> e os que menos foron o 9 e o 11 de novembro con 0.0 L/m<sup>2</sup>, segundo as predicións agardábanse chuvias para o 29 e os días seguintes e para o 2 e os 3 días seguinte, se comparamos anos anteriores podemos ver que as precipitacións eran moito máis altas os anos pasados e como esta estación meteorolóxica está bastante elevada chove máis debido a altitude.


# Vento



O refacho máximo segundo os datos recollidos foi de 39.1km/h e o mínimo de 19.9 km/h. MeteoGalicia non comenta nada ao respecto, así que non podemos dicir moita cousa, pero fixándonos no gráfico pódese ver que o vento ten como picos de subidas e baixadas, e máis ou menos son similares a doutros anos.



# Presión atmosférica



- Debido a que os ventos son constantes a presión estes meses foi máis ou menos estable, aínda que os anos anteriores facía unha notable baixada en novembro, como a presión atmosférica é alta non choveu moito, e como a estación está a un nivel de altura considerable a presión é máis alta <sup>8.1</sup>

# Conclusións

- Bueno despois de todos estes datos imos a ir ao punto final do traballo, porque todo isto non foi en vano, agora sí, hai que responder a pregunta
- ¿Por que as borrascas e os anticiclóns están asociados ao tempo?
- Bueno, as borrascas están asociadas ao tempo porque normalmente están relacionadas con ventos fortes e presión atmosférica baixa e os anticiclóns con un tempo estable, seco, altas presións e ceos despexados

# Índice de comentarios

---

3.1 Comentarios que podrían terse incluído na análise dos elementos do tempo.

8.1 Máis altitude = menor presión